

Presidente do GDR 8 "Asociación para o Desenvolvemento Rural Sil-Bibei-Navea"

XUNTA
DE GALICIA

Saída 503757 / RX 624208

REXISTRO ELECTRÓNICO
SANTIAGO DE COMPOSTELA

Data 13/04/2021 09:34:47



RESOLUCIÓN pola que se aproba a modificación da Estratexia de Desenvolvemento local seleccionada polo Acordo do Consello de Dirección de Agader do 16 de novembro de 2016, ao abeiro da medida 19 (LEADER) do PDR de Galicia 2014-2020.

Tendo en conta a modificación das bases reguladoras que rexen a medida LEADER, publicadas no DOG núm. 53, do 18 de marzo de 2021, abren a posibilidade de que o GDR poida seleccionar proxectos non previstos inicialmente, así como, no seu caso, priorizar, no suposto de que así o consideren necesario para o desenvolvemento do seu territorio de actuación, estes novos proxectos, a xunta directiva do GDR /a asemblea xeral do GDR procede á aprobación da modificación da estratexia de desenvolvemento rural, mediante o Acordo do 24 de marzo de 2021. Xúntase a modificación da estratexia como anexo I desta resolución.

Tendo en conta o sinalado nos parágrafos anteriores, emítase esta RESOLUCIÓN pola que se aproban a modificación da estratexia, que figura como anexo I desta resolución.

Contra esta resolución, que pon fin á vía administrativa, poderá interpoñerse recurso potestativo de reposición ante o Consello de Dirección da Agader, no prazo dun mes contado dende o día seguinte ao da notificación, ou ben directamente recurso contencioso administrativo ante o Xulgado do Contencioso-administrativo de Santiago de Compostela. Tamén poderá interperse calquera outro recurso que se estime oportuno.

En Santiago de Compostela,

O Consello de Dirección da Agader

(Por delegación, A directora xeral de Agader

Resolución do 24.07.2013. DOG nº 148, do 5 de agosto)

(Asinado electronicamente)

Inés Santé Riveira.



ANEXO I





Asociación para o desenvolvemento rural Sil-Bibei-Navea-GDR08
Praza do Reloxo, 11 – 32780 A Pobra de Trives – Ourense
Tel. 988 34 61 69 / 608 64 37 90
www.gdrsilbibeinavea.com / informacion@gdrsilbibeinavea.com



Clemente Pérez Arias, con DNI 76707891Q, actuando como secretario da xunta directiva da ASOCIACIÓN PARA O DESENVOLVEMENTO RURAL SIL-BIBEI-NAVEA/GDR08, con NIF G32387359 e domicilio social a efectos de notificación en Praza do Reloxo, 11 – 32780 A Pobra de Trives – Ourense

CERTIFICO

Na asemblea xeral da Asociación para o Desenvolvemento Rural Sil-Bibei-Navea celebrada con data do 24 de marzo de 2021 no punto 5º da orde do día “Informe situación Leader”, o presidente informou ós membros da mesma da publicación no DOG do 18 de marzo de 2021 da *Resolución do 10 de marzo de 2021 pola que se publica o Acordo do Consello de Dirección, do 10 de marzo de 2021, polo que se modifica o Acordo do 13 de decembro de 2019 polo que se aproban as bases reguladoras das axudas que se tramiten ao abeiro da medida Leader (submedidas 19.2 e 19.4), cofinanciadas co Feader no marco do Programa de desenvolvemento rural de Galicia 2014-2020 (PDR) (código de procedemento MR701D).*

En dita resolución contéplase a tramitación dunha nova Lei de recuperación da terra agraria de Galicia que regula novos instrumentos para a posta en valor dos terreos agroforestais e a recuperación demográfica do medio rural representa unha gran oportunidade para o desenvolvemento rural do territorio galego. Por todo iso, o programa Leader debe contemplar a posibilidade de dar soporte a proxectos vinculados a estes instrumentos, tanto a aqueles orientados ao aproveitamento agrícola, gandeiro ou forestal da terra, como son os polígonos agroforestais, as agrupacións e actuacións de xestión conxunta e os proxectos de ordenación produtiva das aldeas modelo, como a aqueles destinados a mellorar a calidade de vida da poboación rural, como son os plans de dinamización do núcleo rural das aldeas modelo. Por outra banda, tamén resulta de interese dar apoio a través do programa Leader a plans ou actuacións integrais de desenvolvemento rural enmarcados en plans estratéxicos supramunicipais. Con esta finalidade estase a tramitar a correspondente modificación do PDR de Galicia 2014-2020.

Analizada a estratexia de desenvolvemento local participativo da Asociación para o desenvolvemento rural Sil-Bibei-Navea, aprobouse facer os seguintes cambios:

1.- Contemplan na estratexia de desenvolvemento local participativo a seguinte tipoloxía de proxectos:

TIPOLOXÍA DO PROXECTO
INVESTIMENTOS NO SECTOR DA PRODUCCIÓN AGRÍCOLA, GANDEIRA E FORESTAL
XUSTIFICACIÓN
A tramitación dunha nova Lei de recuperación da terra agraria de Galicia que regula novos instrumentos para a posta en valor dos terreos agroforestais e a recuperación demográfica do medio rural representa unha gran oportunidade para o desenvolvemento rural do territorio galego. Por todo iso, o programa Leader debe contemplar a posibilidade de dar soporte a proxectos vinculados a estes instrumentos, tanto a aqueles orientados ao





aproveitamento agrícola, gandeiro ou forestal da terra, como son os polígonos agroforestais, as agrupacións e actuacións de xestión conxunta e os proxectos de ordenación produtiva das aldeas modelo, como a aqueles destinados a mellorar a calidade de vida da poboación rural, como son os plans de dinamización do núcleo rural das aldeas modelo. Por outra banda, tamén resulta de interese dar apoio a través do programa Leader a plans ou actuacións integrais de desenvolvemento rural enmarcados en plans estratéxicos supramunicipais.

Dada a importancia do sector agrícola, gandeiro e forestal no territorio de actuación do GDR Sil-Bibei-Navea inclúense na estratexia estas novas tipoloxías de proxectos.

DESCRIBIÓN DAS ACTUACIÓNS

- Investimentos que estean vinculados a proxectos de mobilización ou recuperación de terras regulados na normativa vixente. Estes proxectos poderán incluír actuacións de produción agraria en aldeas modelo, proxectos de mobilidade de terras, permutas de predios agroforestais ou outros instrumentos de mobilización ou recuperación da terra agraria
- Investimentos vinculados ou incluídos no programa de actuacións de plans estratéxicos ou actuacións integrais promovidos por AGADER. Poderán incluírse tamén actuacións no solo de núcleo rural das aldeas modelo, vinculadas a proxectos de rehabilitación, rexeneración e renovación do espazo urbano, enerxías renovables, TIC e economía circular.
- Investimentos de natureza non produtiva que estean vinculados a proxectos de mobilización ou recuperación de terras regulados na normativa vixente, así como as actuacións no solo de núcleo rural das aldeas modelo, vinculadas a proxectos de rehabilitación, rexeneración e renovación do espazo urbano, enerxías renovables, TIC e economía circular.

TIPO DE PROXECTOS

En función da súa natureza: Produtivos e non produtivos

En función do beneficiario: Promotores privados e públicos

En función da inclusión inicial na estratexia do GDR: Proxectos programados e non programados.

2.- No baremo para proxectos produtivos, no punto 4.- Impacto sobre o territorio - 4.1.- Capacidade de arrastre do proxecto, introdúcese o seguinte criterio:

4.1.1. Proxectos ao abeiro dos instrumentos de recuperación e posta en valor de terras – 10 puntos

E modifícase a puntuación nos seguintes criterios:

4.1.2. Creación ou primeiro establecemento – 7 puntos

4.1.3. Modernización ou ampliación – 4 puntos





Asociación para o desenvolvemento rural Sil-Bibei-Navea-GDR08
Praza do Reloxo, 11 – 32780 A Pobra de Trives – Ourense
Tel. 988 34 61 69 / 608 64 37 90
www.gdrsilibeinavea.com / informacion@gdrsilibeinavea.com



3.- No baremo para proxectos non produtivos, no punto 2.- Características do promotor e ámbito de actuación - 2.2- Ámbito de actuación, introdúcese o seguinte criterio:

2.2.1. O proxecto afecta á mobilización ou recuperación de terras, así como as actuacións no solo de núcleo rural das aldeas modelo – 10 puntos

E modifícase a puntuación nos seguintes criterios:

2.2.2. O proxecto afecta a máis dun concello – 7 puntos

2.2.3. O proxecto afecta a un concello / parroquia / entidade singular / núcleo – 4 puntos

4.- Inclúese na categoría de proxectos non produtivos de prioridade alta ata un máximo do 90 % de axuda, a seguinte:

Investimentos que estean vinculados a proxectos de mobilización ou recuperación de terras regulados na normativa vixente, así como as actuacións no solo de núcleo rural das aldeas modelo, vinculadas a proxectos de rehabilitación, rexeneración e renovación do espazo urbano, enerxías renovables, TIC e economía circular.

E para que así conste ós efectos oportunos ante a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, firmo o presente certificado có visto e prace do presidente da Asociación, en A Pobra de Trives, 07 de abril de 2021.

O secretario

V. e Pr. do presidente

Clemente Pérez Arias

Francisco Magide Bizarro

